

PUNTO E COMA

REVISTA ESCOLAR DO C.E.I.P SOFIA CASANOVA

CURSO 2012-2013




SUBVENCIONADA POLO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

• SUMARIO	1
• OS PEQUES DA ESCOLA	2-15
• PRIMEIRO CICLO	16-23
• REFRANEIRO POPULAR	17
• CONTOS PARA SOÑAR	24-37
• FARMACIA NATURAL	38-39
• NOVOS POETAS	40-50
• ROSALÍA DE CASTRO	41-42
• HUMOR	51
• PASATEMPOS	52
• ROBERTO VIDAL BOLAÑO	53
• COMICS	54-57
• SECCIÓN DEPORTIVA	58-59
• A NOSA BIBLIOTECA	60

CULTIVANDO PLANTAS

1º QUE NECESITAMOS



VASO IOGURT




ALGODÓN



SEMENTE FABA


2º COMO O FIXEMOS



MOLLAMOS O ALGODÓN E COLOCAMOS A SEMENTE




METÉMOLO NUN VASO DE IOGUR




COLOCÁMOLOS XUNTO A VENTANA. REGÁMOLOS E COIDÁMOLOS.

E FINALMENTE



3 ANOS A



QUEN É QUEN?

OS CABALIÑOS



3 ANOS B





FLOR ELEN

A ≈

LETRAS

17 DE MAIO

PAULA MENDES



OS NENOS DA AULA DAS LURAS, TRABALAMOS O CONTO DA "CEBRA CAMILA".

GUSTOUNOS MOITO, ASI QUE ENTRE TODOS, ÍMOS VOLO-CONTAR

UN DIA A CAMILA O VENTO BANDIDO
ESFARTEU O VESTIDO

CHOROU OS SETE CHORARES POLAS SUAS RAJAS

CAMIÑANDO CAMIÑANDO ATOPOU A UNHA SERPE

QUE LLE OEU UN ANEL PARA A PATA

ANDANDO, ANDANDO O CARROL DELLE
UNHA LISTINA DE PRATA

O ARCO DA ULLA BOTOU LLE UN
REMENDO AZUL

A ARANATECEU LLE UNHA MANEIRA DE TUL








A CHIZCHARRADEU LLE A CORDA
DO SEU VIOLINEA O CA
UN AMALLO DE BOTIN

ESTABA TAN GUAPA QUE A SUA MAMA
FIXOLLE UNHA FITA PARA ADORNAR A
MELEVA

E QUE CONTENTA ESTA AGORA CAMILA

E COLORÍN COLORADO ESTE CONTO REMATOU

E COLORÍN COLORETE POLA CHEMINEA SAE..... UN COHETE





VEGA

CAMILA




FALTA

GALESO

Quen poidera ser fareiro



Quen poidera ser fareiro
Para vixialo mar
Vento e sol, ondas mariñas
Meu barco fan navegar.
Quen poidera ser fareiro
E cos golfiños xogar,
Nun recreo alá moi lonxe
No patio, en alta mar.
Se un día non estivera
Onde acostumaba a estar
(no "Sofa Casanova")
Se un día non estivera,
E querédesme atopar,
Buscádeme agochadiña
Nas caracolas do mar
Escoitando o que alí cantan
As sereas de cristal
Que levan os cabaliños
En carrozas de coral
Contádelle a todo o mundo
Que vos veña preguntar,
Que as almas que nacen libres
Nunca queren acougar.

Caracola



SOPA DE LETRAS

ATOPA O NOME DESTES ANIMAIS



G	O	L	F	I	Ñ	O	S	D
A	N	D	O	I	T	R	B	B
I	E	S	T	R	E	L	A	F
F	A	C	T	I	T	N	O	L
C	E	N	T	O	L	O	X	O
V	R	I	E	T	U	A	F	L
V	A	P	O	L	B	O	R	Q
S	X	Q	U	E	N	L	L	A
H	I	P	E	T	G	O	L	A
X	L	U	R	A	M	N	E	C
E	S	B	O	L	Z	I	T	U
Z	U	M	R	B	A	L	E	A
V	C	W	C	H	O	P	E	N
T	A	R	T	A	R	U	G	A
B	X	R	D	U	E	T	L	O

4 anos A

LÚAS E ESTRELAS DE PAN



INGREDIENTES:

PAN DE MOLDE - MANTEIGA - AZUCRE - MOLDES



UNTAR A MANTEIGA



PRESSIONAR OS MOLDES NO PAN
SACAR AS (LEAS ✱



PONELAS NA BANDEXA NEGRA
(COMO A NOITE)




ESPOLVOREAR CON AZUCRE



E... A COMER!!
NIN UNHA MIGALLA
QUEDOU!!

4 ANOS B.





ESCOLA

A ESCOLA DO FONDO DO MAR

MARIEM 4 ANOS A

INÉS VÁZQUEZ (4 ANOS B)

PRIMAVERA NA GRANXA



BOLBORETA




GALINHA




OVELLA



X DANÇA





O TREN DO "SOFÍA" VAI POLA VÍA,

CHEGOU Á ESTACIÓN...

PINTAMOS CABAZAS



FIXEMOS O N. MAGOSO.



TRABALHAMOS MOITO!



COCINAMOS ROQUILLAS



AS PAPAMOS TODAS!



VÍVERON OS REIS MAGOS



TAMÉN XOGAMOS.



-COÑECIMOS A COCO;



MERGULLAMOS NO MAR DA FANTASÍA!



VISITAMOS A BIBLIOTECA DO BURGO.



VESTÍMONOS DE HIPIS.



DE PRIMARIA!

OS GRANDES MOMENTOS DE 5 ANOS B



CELEBRAMOS OS CUMPLES DE VERÁN.

XOSÉ, ANTONIO SERGIO VALBRIA
CLAUDIA ANITA E ANITA E EV.

ERAMOS MOI PEQUENOS.
DISFRAZADOS DE GALEGOS.
CANTAMOS ARRE BORRIGUITO.



QUE RICAS AS CASTANAS DO
MAGOSTO

4 Anos na cara do queixo.



DE PARO A PARO E TIRO PORQUE NON
PARO. O INVENTAMOS NOS.



DISFRAZADOS DE LADÍ GABA



COAS NOSAS SUPER GAFAS
DE SOL

5 ANOS B BREIXO


R
O
D
D
T
T
R
H
O



B
O
L
A
N
O
L

V I D A


Un día dedicado a cine




MARY POPPIS

DANIELA VAL SANDS
A


ADIVIÑAS



Serve para debuxar
e para escribir




Temo rodas,
levo xente
dun sitio a outro.




Ten catro patas
e un caparazón moi duro.

É un animal gris
moi bonito
e moi saltarín.

É grande,
ten moeta melena.
É carnívoro





É unha cousa afiada
que pincha
e doe moito





1: A

 REFRANS


 En maio ainda a vella quina o

 ^{talle}
A ta o carenta de maio
non quites o saio 

En abril augas mil

 collen todos nun barril 


O que madruga Deus lle axuda


A uga que non debes beber
deixaa correr. 

Nunca chove a gusto de todos
Vale mais peccar en man que unto roando.


Vale mais preuir que curar.

Non por moito  indurgar amante mais cedo.


Angelle maio 
pan ^{tan} ^{tan} ^{to} o me maio merceá

Fanos os peccos e paganos
os bacorinos. 


1ºB



17 DE
MAIO




2013



2ªA



PARA BOTAR A SORTES

XAN PERILLÁN
DACABALO DUN CAN



O CAN ERA COXO
TIROUNO NUN POZO

O POZO ERA FRÍO
TIROUNO NO RÍO



O RÍO ERA BRANCO
TIROUNO NO CAMPO

O CAMPO ERA ROXO
TIROUNO NO TOXO




COMO O TOXO PICABA
XAN PERILLÁN BERRABA

E O CAN ESCAPABA.




DI S P R U J A D O S N O S O S

B O S Q U E S



SARA LUCAS 1ªA





La casa de Mateo
está decorada con flores y plantas.

MATEO SOBINO 1º B

GORKA 2ºA


A SELVA





DANIEL 2º B

A busca da princesa



Fai miles de anos nun pobo chamado: "As illas Mariñas", había uns amigos cuos nomes eran: Branca, Anaís, Anxo e Xoán. Estaban xogando na praza, e, de súpeto... Comezou unha tormenta:

-Corre que chega a tormenta! (Branca)

Entón, os nenos correron a unha torre cercana, onde había un baúl.

- Abrimos o baúl Anaís? (Branca)

- Non, como imos abri-lo! Ti sabes o que podes encontrar alí? (Anaís)

- Aquí hai un baúl e vouno abrir. (Xoán)

- Noooooon!!! (Anaís)

-Mira o que hai aquí dentro. (Xoán)

-Un mapa!!!!!!!!!!!! (todos)

- Do tesouro (Anxo)

- Mira, xa parou a tormenta (Anaís)




AO DÍA SEGUINTE...

- Acordádesvos do mapa de onte? (Anxo)

- Si, ademais téño-o aquí, no bolso. (Branca)

- Pois podemos mercar un barco. (Anxo)

- Vale (todos)



- Entón imos mercalo (Anxo)

- Alí hai un mariñeiro, seguro que nos pode axudar (Branca)

- Irei eu (Anxo)

MEDIA HORA MÁIS TARDE...

- Xa teño o barco (Anxo)

- Moi ben, e agora, como o conducimos? (Anaís)

- Eu sei conducilo (mariñeiro)

- Quen es ti? (todos)

- Ah, xa recordo é Xosé (Anxo)

- E...quen é Xosé? (Anais)
- Pois o "mariñeiro", claro! (Anxo)
- Entón, sábelo conducir? (todos)
- Pois, si imos. (Xosé)

DE REPENTE... APARECEU UN MONSTRO MARIÑO QUE LEVOU Á PRINCESA:

- Lévanse á princesa!!!!!!!!!! (todos)
- Vamos a por ela!! (Xoán)



COLLERON O BARCO E FORON POLA PRINCESA

- Mirade o que hai alí. (Xoán)
- Que é? (Anxo)
- Non sei, pero é moi grande (Xoán)

UN RATO DESPOIS...

- Xa sei o que é (Xoán)
- Que é? (Anxo)
- Un monstro mariño!!! (Anais)
- Mira Anais xa se deu conta (Xoán)

O MONSTRO MARIÑO TIÑA O BARCO AMARRADO PERO...

MORDEU UNHA CORDA E SOLTOUSE E LLE DEU UN LATEGAZO NA CARA E MARCHOUSE.


- O monstro foise pero desfixo o barco!(todos)
- Mirade , aquí temos uns botes.(Xosé)
- Collerémolos e seguimos. (Branca)
- Alí está a princesa !!! (Todos)
- E tamén o tesouro !!!!!!! (Todos)

AO DÍA SEGUINTE CHEGARON AO POBO,

A PRINCESA CHAMADA ANTÍA REGALOU LLE A CADA NENO UN AGASALLO

(A XOÁN REGALOU LLE UN BALÓN DE FÚTBOL, A ANXO UNHA TÁBOA DE SURF, A ANAÍS E A BRANCA REGALOU LLES UNS COLARES DA AMIZADE QUE SON... SON COLARES QUE TEÑEN MEDIO CORAZÓN CADA UN E SE XUNTAN) PARA FORMAR UN ENTEIRO.

FIN



"EU E MÁIS OS MEUS CANS"

-Hola!, eu chámome Óscar, pero chámanme "Carba" polo meu apelido Carbajales.

Bueno, a min encántanme os cans, sabiades? Cando era pequeno quería ser un can. Eu teño unha aldea, nun sitio chamado Boado, a min gústame ir, solo que algunhas veces non podo porque xogo ao fútbol no S.P.Burgo. Pero cando vou pásoo moi ben. O venres pasado caín no parque xogando ao fútbol, un amigo chamou a miña nai. Despois fomos ao médico e mandáronme facer unha radiografía. No hospital dixéronme que tiña un óso da moneca roto.

Cando cheguei a casa, miña nai díxome:

-Óscar ten coidado e non te manques.

Eu contesteille:

-Vale mamá, pero non vou poder xogar?

-Sí, claro que podes xogar, pero, só digo que teñas coidado, porque ben sabes como e o Rex que nunca vos deixa en paz.

Ah..., por certoll!, Rex e un dos nosos cans. Eu creo que é o can máis argalleiro do mundo, cando imos a aldea non nos deixa. Os nosos pais mailos nosos avós enfádanse con eles, pero o que non entendo é que tamén se enfadan con nós.

Este sábado fomos a aldea o meu primo e máis eu. Cando cheguei pregunteille a miña nai onde estaban os cans e díxome:

-Non sei, podes baixar do coche.

E díxenlle eu:

-De verdade?

-Si, si podes.

Entón baixei. Na máis cerrar a porta do coche, xa viñan eles correndo. E eu dixen:

-Aaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaa...! Socorro! (Empecei a correr, porque se non, non me deixaban.)

Cando entrei á casa dos meu avós dixen eu:

-Uf! Polos pelos me pillan

E veu a miña avoa dicíndome:

-Óscar que che pasou, estás ben?




Os disparos do río

Por moito que cambiasesen as cousas, nunca podería olvidar esa sensación tan estraña.

Cando tiña 10 anos pasei as vacacións cos meus Tíos, co meu irmán e cos meus dous curmáns maiores. Pasaba o tempo, pero non me encantaba; tamén estaba a de 18 anos, con quen o pasaba mellor, ensinome a andar en bicicleta, todo sobre as matemáticas; como tratar os nenos, ... Pero con quen realmente o pasaba mellor era con Yolanda, a miña curmá de 11 anos. As dúas xuntas metíanos nuns ríos tremendos.

Unha tarde, na metade do

verán, Yolanda máis eu saímos a dar unha volta coas nosas bicis. Metíamonos polo medio do monte e acabamos aos pés dun río. A auga tiña unha cor brillante e non



puidemos evitar metemos en braguiñas e unha camiseta interior no río. Mentras nos bañabamos oímos uns disparos. Asustadas, agarramos as nosas bicis e corremos cara á casa dos tíos e cando chegamos decatámonos de que estábamos en roupa interior ante todos os nosos irmáns, curmáns e tíos.

Avergonhadas, corremos outra vez cara o río pola nosa roupa.



Sen lembrar os disparos que oíramos.

Na cea, todo fomos risas e anécdotas parecidas á nosa. Na cama puxémonos a falar dos disparos, preguntándonos que ocorrera con aqueles ruidos que escoitamos aos pes do gran río.

Pola mañá voltamos coa miña irmá máis, Ana, á beira do famoso río para intentar averiguar o que ocorría na pasada tarde de verán.

No río volemus a escoitar os disparos, pero esta vez cuns perros por detrás. Rapidamente dirixímonos ao lugar e ali atopamos un pequeno rastro de sangue; e este pequeno camiño de sangue fíxonos darnos conta de que era época de caza. O día seguinte eu fun para a miña casa, e todos os anos a miña irmá máis eu sempre nos lembramos dos disparos do río.

Espero non esquecerme nunca !!



O detective de Nova Jersey

“Tiñámolo nas mans, pero foise”, eso era o que dicía cada dous meses dende hai dezasete anos, cando era un novato na comisaría. Por sorte levo tanto tempo aquí que é como a miña casa; as veces resolvo outro tipo de casos, pero estes son os que me animan a seguir neste oficio. Nunca atopamos unha banda deste tipo; digo encontrar porque nestes barrios de Nova Jersey hai unha gran cantidade de vandalismo; tratábase dun grupo que asasinaba persoas. Despois de matalos, deixábons unha pista de cal era a seguinte vítima. Unha cousa estaba clara, gustábanlle as adiviñas. Ata agora levaban nove homicidios.

A min tócame a tarefa de buscar semellanzas entre as vítimas ou simplemente as súas historias. O único que levo ata agora de semellanzas é que un 50% son xoves de entre trece e quince anos, a outra metade queda por investigar. O único que me dixeron é que son vellos. A min de que me serve!

Pasaron tres días e avancei moito. Descubrí que os vellos, uns son bispos e outros curas.

Caren, a secretaria, tróuxome un paquete, díxome que o deixaran na porta. Dentro do paquete había unha cinta. Saqueina da caixa e púxena no televisor. Ao principio aparecían unhas salas de tortura horribles, máis tarde aparecían as caras de todos os cadáveres anteriores e por último un boneco diabólico ríndose a gargalladas.

Despois de ver isto temblábanme as pernas, pero non había tempo que perder; así que me dirixín coa cinta na man ata o despacho do xefe de policía.

Abrín a porta e entrei sin decirlle nada; puxen a cinta, e facéndolle unha sinal pedílle que se sentase. Cando, de repente, aparece na pantalla a personaxe diabólica. Espera como se lle faltase algo, o xefe mírame con cara de susto, entón a personaxe di:

-Vexo que sabedes quen son...

O xefe sae da sala con cara de malestar.

-Sabedes o que fago. A que si?...

Eu fágolle unha sinal para que prosiga

-Pero non sabedes porque ¿A que non? Por desgracia para min xa é demasiada información a que vos dou. O televisor apágase, e pola porta entran dous policías armados decididos a disparar á pantalla, póñome diante e saco a cinta, lévoa e deixolla a Caren encima da mesa acompañada cun “buscade calquera cousa que serva para rastrear, é urxente, cando acabe deixarei o meu oficio, e dílle ao xefe que se busque outro detective. Está claro que non estamos a altura deste caso; bos días”.

- Que tomei unha decisión arriscada?, pode ser, pero era o mellor para todos.

Estou facendo as maletas, múdome a algun sitio onde non se sepa onde estou.

Teño preparada unha carta para o xefe, conforme vou a levar este caso á miña maneira e que falarei con el en canto poida, isto non quedará así. Está claro que o que lle dixen a Caren era teatro, por iso non debería verme por comisaría; teño que entregar a carta sin que ela se decate.

Unha semana despois isto vai sobre rodas, encontrei un almacén onde hospedarme con material suficiente para facer a miña investigación, dílle a carta a Carl, o meu xefe.

Chegada a noite xa teño instalado o mínimo: inhibidores para que no me localicen nin poidan manipular as miñas novas cámaras espía “prestadas”. Con tan poucos medios necesítase moita imaxinación e está claro que eu a teño. Deiteime nun papel de burbullas vello, mañá vai ser un día moi longo.

Fixen un gorro pasamontañas cunhas teas negras para ser irrecoñecible e puxen unhas pegadas dactilares falsas; o normal. Non?. Fun recoller as pistas que lle pedín a Caren. E deume todos os datos de cada unha das persoas que tocaron esta cinta, tres eran escapados do cárcere acusados por outros casos parecidos a estes, dous neonazis e un acusado por maltrato de

menores. Isto poñíase cada vez máis feo, pero polo menos sabía cada vez máis de quen se trataba.

Encontrei a personaxe que aparecera nos videos, a marca de marionetas e monicreques era francesa, coincidindo así cun dos tres vándalos. Empeceille a dar voltas a isto, indudablemente coincidía cós homicidios: ou menores ou curas e bispos.

Mais tarde ao non dar-me resultado saber cousas dos cadáveres, deume por ler de novo a carta que me deu Caren. Mireina e remireina, por diante e por detrás... e como era normal mirei si era como as famosas cartas pegatina. Intentei abrila pola metade, e así era; a carta contiña unha dirección e unha hora.

A dirección era...Este almacén!; suspirei e seguíndo lendo, a data e a hora era mañá ás dez e media da noite. Tiña que saír de aquí. Mentres facía de novo as maletas para irme pensei, Por que non quedarme?, teño a metade preparado, cámaras espía, contacto coa policía cando queira, inhibidores e un escondite onde poido pillalos. Inmediatamente púxenme en contacto con Carl, e púxeno ao día de todo, pedíume que puxera micrófonos e megáfonos escondidos por toda a sala, tamén me dixo que lle contara onde estaba o escondite, mandaríaa tres francotiradores.

De inmediato chegaron os francotiradores xunto cos maletíns con megáfonos e toda a maquinaria. Tardamos dúas horas en instalar os micrófonos e os altavoces, refuxámonos no escondite e chantamos señuelos moi parecidos aos nosos corpos que incluso tiñan reflexos, puxémolos como si estiveran escondidos.

Cando se fixo de noite faltando vinte e catro horas para a chegada de algo que non tiñamos nin idea que era, chegaron dúas persoas con pasamontañas e armados. Eu sobresalteime. Os descoñecidos fixeron unha sinal ao exterior, e polo portón entrou un camiión, empezaron a baixar cousas entre elas o boneco diabólico; pero entón non vin máis porque unha das persoas do meu lado mandoume meterme máis hacia dentro do escondite xunto con eles.

Cando pareceu que o portón se cerraba, un saíu a mirar se seguían alí, cando entón dixo:
-Isto parece un plató de televisión satánica.

Salín a velo e estaba todo: as salas de tortura, a sala onde o boneco facía as súas presentacións; era increíble.

Durmimos no escondrijo e a mañá seguinte puxemos en funcionamento as cámaras, altavoces e micrófonos; e contactamos con Carl.

Iso xa estaba nas mans do xefe e os seus compañeiros. Saímos de alí con seguridade, e fóra esperounos un coche da policía, levounos á comisaría para que vésemos o que eu quería ver dende fai unha eternidade. A cousa saíu ben pero cando fomos a meter os acusados no coche policial intrigoume unha frase súa:

``Isto non é máis que o principio,
ti serás o seguinte``

Así mo contou Carl que me foi a visitar ó manicomio. Carl di que estou ben pero que o que pasou produxome leves danos psicolóxicos. A min dame igual, aquí trátanme ben e coñezo a xente "especial" coma mín.

A nereia e a rocha dos sacrificios

Antonio Lyleira Varela 4ºB

Esta historia é unha das que soia contarme o meu avó.

Tres percebeiros de Nemiña buscaba entre as rochas de cabo Touriñán cando, nunha lagoa de bañamar, encontraron unha pequena nereia atrapada nunha vella rede. A liberaron e a devolveron ó mar. A nereia agradeceu-lles a axuda pero rogoulles que non dixeran nada da súa existencia. Os percebeiros xuraron non dicir nada e a cambio de que ela lles revelara o regredo da rocha dos sacrificios que está fronte o faro Touriñán. Ela acepta e lles conta esta historia.

Fai moito tempo, unha gran tormenta arrotea estas costas arrincando moitas algas. Collin unhas

cantas e as puxen nun montoncino de area e pedras. Co tempo, apareceron mais algas e acumuláronse mais rochas ata que aquel montoncino foi un lugar idóneo para a vida e un estupendo hábitat para os percebes. A colonia dos percebes foi medrando e medrando fosilizándose ata formar esta enorme rocha que estades vendo. De ver en cando, veño ver como vai.

Entón, un dos percebeiros dixo:

- Ah! Por iso hai tantos percebes nesta rocha, e fíxate! Non recordas co illote ten forma de sereia. ¡ Non é certo o que dicían: que hai tantísimos percebes porque se facían sacrificios na illa.

A miúdo os tres percebeiros volven a rocha coa coa baíreamos para ver se está a sereia e falar con ela pero a maioría das veces so encontran espuma de mar

As brebaxes máxicas

Había unha vez tres irmás bruxas que se chamaban Catuxa, Maruxa e Piruxa. Un día estaban facendo trucos de maxia cando Maruxa dixo se querían facer brebaxes máxicas para darllas ás súas mascotas.

-Vale-dixo Catuxa sorrindo.

-Eu tamén quero-dixo Piruxa, e puxéronse a facer as brebaxes máxicas.

A primeira en rematar foi Catuxa, que de mascota tiña un gato. Á súa brebaxe púxolle mexos de cabra, dous cornos de touro, un dente de quenlla, pelo de ovella, unha bolboreta enteira, unha larva, un ollo e un ovo de paxaro co paxariño dentro. Remexeuna e deulle un pouquiño ao seu gato. O gato empezou a correr por toda a casa brincando coma un tolo. Pasados uns segundos o gato convertiuse nun rato. Catuxa entón dixo-Que fixen!-

A segunda en rematar a brebaxe foi Piruxa, que de mascota tiña un can. Os ingredientes da brebaxe son; un rato, un verme, un caracol, unha samesuga, unha lombriga, unha cabeza de peixe, unha serpe e unha formiga. Remexeuna e deulle un pouco ao seu can. Ao can empezoulle a saír fume polo cú e despois polas orellas. Pasaron uns minutos e o can parou de botar

fume e convertiuse nun dragón.

Piruxa dixo-Non o podo crer!

A última en rematar foi Maruxa que tiña de mascota un loro. Maruxa botoulle á súa brebaxe un escornabois, baba de caracol, dúas libélulas, unha abella, un lagarto, un peixe morto e unha rá, remexeuna e deulle un pouco ao seu loro. O loro, como vira o que lles pasara ás outras mascotas cando beberon as brebaxes, non abriu a boca. Pero Maruxa fíxolle un truco de maxia e o loro abriu a boca. O loro empezou a voar e ao cabo duns segundos o loro converteuse nun pelícano.

Maruxa dixo: Ai, meu deus!

E os animais quedaron así mentres as bruxas non fixeran outras brebaxes para desfacer o feitizo.

Rubén Aller 3^ºA



Diego 3^ºA

A CASA ENCANTADA

Un día de antroido o señor Smith foi chamar aos seus amigos Raúl, Adrián e Sergio. Cando chegou á casa de Sergio dixo:

- Ola Sergio! Queres vir conmigo polas casas a buscar un aguinaldo?

Sergio díxolle que non. Sintoo moito, pero teño unha festas nunha casa encantada. Chao que chego tarde.

Máis tarde cando ia camiño da casa do seu amigo Raúl atopou a este xunto con Adrián.

- Que tal estades?. A onde ides?

- Ben. Imos a unha festa nunha casa encantada.

Smith preguntoulles: Onde se supón que é esa festa?

- Non cho podemos dicir- dixeron os dous á vez.

Smith volvía á súa casa moi triste pois ningún dos seus amigos lle dixera onde era esa marabillosa festa.

Cando estaba chegando ao patio da súa casa, viu que nel había moita xente que agardaba para entrar . Ao primeiro pensou se sucedera algo malo, pero de contado se deu conta que se trataba dunha festa.

Entrou na súa casa, e escoitou:

Sorpresa! Sorpresa! Felicidades Smith!

Non sabía de que se trataba ata que alguén lle dixo: Feliz Aniversario!

Entón decatouse que era o día do seu aniversario. Alí estaban os seus pais, os seus amigos, Sergio, Raúl, Adrián,.... cunha torta enorme e dez velas xigantes. Por fin todo cadraba!


Gabriel Blanco Mata 4º-A

AS LETRAS UNIDAS

O día 23 de Marzo pola noite, unhas letras chamadas: G, A, L, E, G e O, foron de vacacións ao mesmo sitio sen sabelo. No hotel coñecéronse e fixéronse amigas.

Un día decidiron xogar a un xogo, xuntarse formando palabras. Estes foron os resultados do xogo: OGELAG, LEGADO, e ..., finalmente, GALEGO.

Na tele viran un programa no que buscaban nome para o idioma dunha Comunidade chamada Galicia. Elas presentáronse ao programa e ..., como non, gañaron. Pero gañar tiña unha condición, poñerlle un logotipo a ese nome. Sen pensalo presentaron o seguinte:



ARIADNA 5ºB

Queridas familias:

Dende o C.E.I.P Sofía Casanova queremos agradecervos sinceramente a vosa colaboración nas distintas causas sociais coas que o centro colaborou este ano, tanto pola recollida masiva de tapóns para Lola, na aportación de xoguetes para os nenos máis desfavorecidos do concello, como nas aportacións que fixestes para o banco de alimentos.


Moitísimas grazas a tod@s!



A FARMACIA NATURAL

En 3º plantamos e estudamos os beneficios de moitas plantas


DENTE DE LEON



Propiedades
diuréticas e
digestivas


Alivia dores de
garganta e
cabeza. Bo
licatrisante

ROMERO




Beneficioso
a nivel
digestivo,
xmeclórico,
urinario e
dermatoloxía

SALVIA




TOMILLO

Úsase para o
mal alento
e para as
peles grasas



ESTRAGON




É un
estimulante
do apetito
ante inflamatorio

MANZANILLA

É boa para
a digestión,
nerviosismo,
insomnio e
afeccións
oculares.



MENTA




Boa para a
inflamación
de larínxe e os
catarros.

Combate a
depresión,
agotamento
e insomnio

ALBAHACA




3º B




ALOE
VERA

Função hidratante,
alergias da pele, queima-
duras, antisséptica
diarreia,...



ANÍS

Molestias no aparelho
digestivo, tosse e bronquite.




CEBOLINHO


antitussivo e

Digestivo,
antisséptico.

EQUINÁCEA




Propriedades antibióticas e de
defesa do organismo.




ESTEVIA

Regula os níveis de açúcar
em sangue, bactericida e
cuidado da pele.

ORTIGA



Propriedades diuréticas
antianêmicas, digestivas
e astrincentes.



PEREXIL


Diurético, antioxidante,
limpeza de riles,
fortalece a pele,

VERBENA



Diurética, analgésica, antibac-
teriária, ajuda a curar as
feridas.

3ª A



PRIMAVERA

En marzo ven a papoula,

e alí está soa.

Como mola cando o vento a move coma unha onda!

O reiseñor é o que canta mellor,

voa en liberdade de aquí para aló.

En abril chegou a andoriña,

ela é miña veciña!

Voa coma unha bailarina!


En maio hai unha flor moi linda

é a margarida.

E para rematar esta poesía,

alegrareiche o día.

Jose Gabarre Montoya 3ºB



Acróstico a Rosalía

Rosas e margaridas
orquídeas e papoulas
saen da terra espelidas
a sacar as súas follas;
longos os seus talos,
índo polo valado
ata chegar ao outro lado.

De día abren os seus pétalos
e de noite volven pechalos.

Cando chega a primavera
a pradeira comeza a florear.
Se non lle vén bo tempo,
traballo vaille custar.
Relocen as súas cores.
Otro ano a esperar!

Alba Alamancos 6º A



150° aniversario "CANTARES GALLEGOS"



Rosalía se chama.
Ousada muller.
Sabia escritora.
Amante galega.
Leal persoa.
Intelixente.
Amorosa tamén


Delegada dos labregos.
Exército galego.

Cabaleira forte.
Aldeana de Padrón.
Sentimento galego.
Tras a súa morte ...
Rosalía
ofrécenos: ser galegos!
Marta

Ruxe o mar,
ondas levántanse.
Saltan os golfinhos,
alzan o vo as gaivotas.
Loítan os mariñeiros,
imaxinan tempos mellores.
Ameazantes nubes

de choiva
entran.

Cara ao norte
alertan de borrasca.
Salta o barco.
Treboada que chega.
Rompen as redes.
Os mariñeiros volven
Alba López



2013

Rosalía
Cantares Gallegos
150° aniversario

Paxina disparatada

O mosquito peludo

O mosquito peludo
sabía xogar ao "ludo".
O "ludo" o aburreu
e o mosquito morreu.
Un amigo resucitouno
e para a casa levouno.
Xogou con Maradona
e casouse con Madona.
O mosquito peludo
xogando ao "ludo"
divírtese facendo a mona
con Maradona e Madona

Roque

Cincenta non escarmenta

Acórdanse de Cincenta,
esa pequena farrapenta
que ás súas irmáns pequenas
tratábaas de mugrientas?
Pois ben; unha vez casada
co príncipe Sinforoso
no seu pazo da praia
non cambiou nada de nada.
Metéuselle na cabeza
a teima da limpeza.
Sae a limpar a rúa
co seu traxe de princesa.
Lava a roupa, seco os pratos
lustra botas e zapatos,
pola tarde baña as ratas
e sácalle brillo aos gatos

Ander

Día das Letras Galegas


O venres 17 de maio
non será unha tabarra,
non ir á escola
e tocar a guitarra.
Que ben o pasarei mañá
cazando lobos e raposos!
comendo cans cunha mazá,
xogando e parlando cos amigos,
comendo gatos con figos.
Indo a Madrid
e volvendo a Vigo

Luis

Un bufo con tufo

O moi paspallás
chámase Tomás.
Un papagaio
fala en maío:
- Bos días amigo!
- Ola, raparigo.
- Gústache o queixo de Cabrales
- Sobre todo o dos vales.
- Imos ao cine?
- Marcho por onde vin.

Misael



Non estarei tola?

A mifia nai levoume ao médico
pensando que estaba mal,
xa que vin unha mofeta
cantar e bailar.
Hoxe tamén vin a mofeta
tocando o baixo na festa.
Un porco tamén estaba
cunha guitarra que falaba.
Xa me toman como tola
aínda que verdade non é
porque o que digo
vino todo en 3D.

Lara

A presumida víbora
co seu lindo peiteado
e as eternas preguntas ...
- Cal será o seu champú?
- De algas ou de mel?
- Será de mala marca
a súa crema da pel?
Pasea pola avenida
de traxe e garavata.
Sempre moi afeitadiña

Mauricio

Onte fun ao bar,
e había un canalla
que padecía de mal humor
xa que a súa noiva Rosalla
desprendía mal olor.

Ela casi estalla
porque facía moita calor.
Tamén había unha cebola
que tiña moita dor:
cocérona nunha ola
para servila no comedior.

Irene

Onte desbordouse o río
e o vento soprou con brío.
Sentín un gran calafrío:
Imos para Gran Canaria
que é mellor que Cantabria.

Xa fumos a Madrid
e pasamos por Guitiriz.

Fáltanos a viaxe
de Corme e Laxe.

Nayeli

XOGAMOS COS NOSOS NOMES

Cos nosos nomes xogamos

e todos participamos.

O noso amigo Brais

sabe moito de animais.

Emilio é moi listo

e sempre come pisto.

O noso amigo Adrián

é todo un superman

mentres Paula Nión

viaxa sempre en camión.

A nosa amiga Romina

vai de visita a unha mina

mentres que Fabián

baila coma un flan,

e o compañeiro Izan

xoga cun bambán.

A nosa amiga Alba

sempre baila a samba,

e Carla compra unhas bambas

O noso amigo Gabriel

merca un bote de mel

mentres espera a Papa Noel.

A Lucas, gústanlle moito as trufas;

e a nosa Alicia

ri e canta con ledicia.

Este curso, con moito gusto

coñecemos a Carlos,

cando ve un cadelíño

faillle moitos aloumiños.

O noso amigo Lorenzo

sempre baila regetton

ao comeres

bocata de xamón.

O noso amigo Rino sempre está moi quietiño

con mirada atenta e garda moitos segredos.

Alicia é unha mestra da poesía,

e Lucía baila todo o día.

O noso amigo Gabriel

moi ben sabe ler,

cando representa un papel

faino con moito saber.

Paula Meijide Doidán

moi ben toca o tan-tan.

A nosa amiga Clara

sempre anda con Sara,

e elas as dúas xogan con Ainara.

Ainoha é moi xoguetona

Coa súa nai vai Tabita

mercar a Dolce Vita.


Cos nosos nomes xogamos

e con eles nos despedimos.

Ainoha, Sergio, Jorge e todos

os demais adeus vos decimos.

Os menos e menos de 4º B
falan galego un día sí
e outros tamén



Rubén, Asier, Olalla,
Naiara e Alicia.
Viven en Galicia.

Noa, Andrea,
Lucas, Fran e Amaya
falan galego
como uns camellars.



SEMPRE


GALEGO

Antonio, Aikmoa, Mica
Adrián e Sara
túven unho caravana.



Alba, Henry, Jose, Tarnel e Xesús
falan galego
conducindo un autobús.

Jessica, Kasmira, Emma,
Raúl e Sergio
falan galego
ata no comercio



2013

GALICIA

Dende sempre estive aí
nin igual nin diferente,
tan vella como a lúa
tan bela como o verde,
o verde da súa terra
o que nunca se volve marrón
é a terra da alegría
a terra do meu corazón

De pequena ata vella aquí penso vivir
aínda que viaxe e viaxe
o regreso será de contado
xa que o meu corazón cun nó está atado
á miña terra natal
á Galicia que sempre no meu peito estará.

Preto do mar,
con campos verdes moi naturais,
e ten a galega que é o mellor,
que máis hei de pedir se
a terra perfecta a teño aquí?


Alba Bouzas Vila. 6ºB

Um día estupendo
Nubes creadas
con grandes cascadas,
o sol brillante
sale atacante.

Nunha casa
hai unha cousa,
nun rincón
ten un balcón.

Um rato
moi glotón
comeuse o botón
do pantalón.

O cabaleiro guerreiro
ponse un sombreiro,
a princesa Rancesa
séntase a mesa.



Ana Boga Sanjurjo
(3º B)

A PEQUENA FLOR

A pequena flor
éncheme de amor,
os montes échense de cor
e polas rúas corre
tras doutra flor.
Corre pequena, corre
Que che segue a pobre Torre,
Tan alta, tan lixeira, corre
A flor é vermella,
E a cara amárela,
A pequena flor
éncheme de amor.

Sara Maceiras. 4A



As ~~letras~~ galegas

O día dezasete é moi especial,
pois o día das letras galegas imos celebrar.
Un caderno ou un lapis podedes gañar
pero antes un cómic, un conto ou unha poesía tedes que
realizar.


Eu pensei que era o día quince
pero que despúste!

Teño ~~oo~~ que memorizar

para que saño que ven e poi da lembrar.

A que poderemos xogar?
Quicáis será mellor improvisar.
Que farán os de sexto?
Darán macarróns con queixo?

O galego é unha lingua,
o galego é un son,
o galego é vida,
o galego é corazón. Andrea Cortizas Góralda 4ºB




LULA E LUPITA

Lula e Lupita son dúas cadelas;
de certo son as miñas cadelas.
Son pequenas e moi trastes
e gústame xogar con elas.

Lula ten o pelo longo de cor negra,
é pequena e longa coma unha salchicha
Lupita ten o pelo curto de cor marrón
e faime sempre correr un montón.

As dúas xogan comigo
e eu xogo con elas.
Non hai día do ano
que non me lembre delas.

Antón Lago Rodríguez 3ºA



Cristian 3ºA



Gabriela 3ºA

FARTA DA CHOIVA


Despois de tanto chover,
o campo vai florecer.
De tanta auga que veu
non poido deixar o chapeu.
E caen tantas gotas
que estou farta das botas.
O sol non aparece ...
É que non lle apetece ?.

Yeshi Ferré 3ºA

CHISTES

- Como esbirra un tomate?
Kepchup!
- Antes de descubrir o Everest, cal era a montaña máis alta do mundo?
O Everest, porque aínda que non o descubriaran xa existía.
- Nuria e Ana son fillas da mesma nai e do mesmo pai mais Nuria di que non é irmá de Ana. Que é Nuria?
Unha mentirosa
- Un avión estrelouse entre España e Francia, Onde enterrarán aos supervivintes?
En ningún sitio xa que os supervivintes son os que sobreviven.
- Que é o primeiro que come un león morto de fame?
Nada porque xa está morto.
- Que hai que facer para sacar un elefante dun coche?
Primeiro metelo dentro
- Como sacas unha vaca do río?
Mollada

Paula Rebón Gómez
3º A



PARA PENSAR UN POUCO E PASAR O RATO

Eres quen de colocar axeitadamente o nome de todo o grupo 6º B?

4 letras

Alba
Yoli
Gema
Mavi

5 letras

Lucía
Yeray
Diego
Pablo
Pablo
Paula
Lucía

6 letras

Henry Javier
Manuel Hector
Andrés Yasira
Carlos Sergio
Séfora Manuel
Marcos Carlos
Daniel

8 letras

Carolina

1					30
		8	13		
5				15	
20					
					26

Instrucións:

Completa con números un percorrido contínuo que pase por todas as casillas comezando no 1 e sen que o trazado se corte a si mesmo.

ROBERTO IGNACIO VIDAL BOLAÑO LETRAS GALEGAS 2013

BIOGRAFÍA

-Naceu en Santiago de Compostela o 31 de xullo de 1950 , coincidindo co remate das festas do Apóstolo. Morre na mesma cidade no 2002.

-Empezou a traballar aos 12 anos como repartidor de recambios de coches. Despois de desenvolver distintas actividades para gañar cartos, pasou a traballar profesionalmente no teatro á idade de 27 anos.

-Fundou Grupo Antroído, a primeira compañía de teatro galega; escribiu preto de 30 obras teatrais; realizou guións para TVE e TVG ; participou como actor en longametraxes e como actor de dobraxe de películas en galego para contribuír á normalización da lingua, xurdindo así una verdadeira industria da dobraxe en Galicia.

Algunhas obras desta etapa son: "Novo de Parmuíde", "Sempre Xonxa" e " Os outros feirantes"

-Gañou numerosos premios polas súas obras.


Contos

Laudamuco, señor de ningures

Días sen Gloria


Xáxara, Peituda, Panioqas, Tarelo, o Rapaz e o Cachamón.

As actas escuras



Alba Bouzas - 6ºB.

Un viaxe á Lúa




Hai algún ahí?



Quen estí?

Esa preguntá
ta cha fa-
go eu




Eu venho a estudaro
que hai na Lúa



Para iso
te des que
vir de lonxe?




Como cres que
sabermos o
que pasa na Lúa



Pois home
mandarbo
unha mensa-
xe

Como?



Nos foi
moito tempo
que temos
gmiñidos ment
ata a hora




5º B

Alicia Farnon de

Capitán, está seguro de ir a la isla?

Segurísimo.

¿E más p'vísigo.



¡Kraqueem! Kraqueem!

Bum Bam



Lume!

Desde un bella m'raio p' saig'ra de no'hois



Terra á vista!

Xa ma illa...



Ohio es esqueleto!!

CHIN!!!

Seguro que es illa de Terroro




Xeina!

¡Capitán, t'esouro!

BRAS CARREIRA - 4ºA

A Amistade

MARTA 6^ªA



¿Que és tu, aqui? Si é de dia?

Vine a verte, como de noite non nos vemos.



Claro, por que traballo moi torpemente morenos a os humanos.

¡E eu! Que ilumino a terra cando están chea.



Si pero esa luz eminati sobe a reflexos...

¡Presumido! Creste moi importante.



Por que o son. E quen se me acerque o achicharras. ¡Vale? sup ab.

¡Machista! Eu en cambio xogo cas estrebas.

Así pasaron medio século discutindo e discutindo... Outro lugar do espacio En... 2005



¡Todas las planetas xiran ao meu arredor, e je.

Eres un astro fixo e aburrido. Nunca seras un site.



Eu prefiro a noite para soñar, soñar.

So sales cando dormen eu donlles-energia.



¡Poste abomasado romantico.

¡Ti que sabes desoira veces, ¡incluso son luz de mel!



Bueno, a verdade é que as parellas te adoran.

Ti tamen estas moi guapo no veran.



¡Debemos ser bos veciños e respetarnos.

Si os te mestres nos queren aos dous.



¡Que tarde é! ¡Van a traballar, é o meu turno! ¡Escondete!


Vale, pero unha noite salgamos e nos vamos a disco.

1 VELLAS GALEGO




Hai tempo que non te vexo

E que levo un ano estu dando o galego



E 150 despois de ti

Por que os netos teñen estubos, como




Non bromas?

Me corrixen e non me dei xaa xogar con eles por que di que fah mal o galego e agora estou preparado para dar un galego



E un segelo xa cho coita enriba

E dime, que tes pensado?



Adeus

Marcho que fouxo na segun te parada. Adeus!







Va, baxa, xa o teño todo preparado para cando cheguen os netos me calgan como o rei do galego








Andrés 6:8 FIN

PIRÁMIDES 6º A

E.F.



PIRÁMIDES 6º B E.F.



A NOSA BIBLIOTECA

Ola, ola, ola nenos e nenas do Sofia Casanova! Estou a rematar o fantástico libro que me recomendaron os nenos e nenas de 5º “La isla del tesoro”. ¡Gracias polo mural!



Este ano navegamos xuntos por un mar cheo de libros e aventuras.


En Outubro celebramos o Día das Bibliotecas cunha exposición sobre Charles Dickens.

En Nadal chegou, nunha botella, un novo Pregón do Bufolector.

No primeiro trimestre a nosa amiga A Dragona Ramona fixo unha nova parada na nosa biblioteca.

O 21 de Marzo, Día Mundial da Poesía, os versos de Rosalía de Castro decoraban o noso pasillo de entrada á biblioteca. ¡Graciñas polos vosos traballos!

Na semana do cine proxectamos unha chea de películas!





O día do libro, Jules Verne desembarca na biblioteca no seu Nautilus.



¿ Lembrades que ben o pasamos o día que chegou na súa bicicleta o escritor Anxo Moure?

Bo verán e boas lecturas!!!!!!



PROXECTO "UN MAR DE FAROS"



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA
 C.E.I.P. SOFIA CASANOVA
 VILABOA (CULLEREDO)